



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Carlos Alcalde González
D. Miguel Alfonso Pallarés
D. Luis Alonso Bacigalupe
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D^a. Isabel Alonso García
D. Heliodoro Alvarez Conde
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro A. Araujo Nespereira
D^a M^a Cristina Arias Fernández
D. Xosé Carlos Arias Moreira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Ramón Barreiro García
D. Gustavo Bergantiño Cid
D^a M^a Isabel Bouza Álvarez
D. Jorge Bravo Bernárdez
D. Enrique J. Buch Gómez
D^a M. Alicia Cachafeiro López
D. Luis Calvo Rodríguez
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Lino Pedro Canedo de la Torre
D. Alfonso Caride Losada
D. Manuel Carracelas Graña
D^a. Mercedes Cendón Falque
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. José Cidrás Pidre
D^a Patricia Corbacho Suso
D. José M^a Correa Otero
D. Xosé Enrique Costas González
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Jesús De Andrés Iglesias
D. Guillermo De Oca Cancela
D.^a Julia M^a D. de la Montaña Miguélez
D^a Encarnación De Miguel Villegas
D. Manuel Deaño Deaño
D^a Coral del Río Otero
D. Jaime Díaz de Bustamante
D. Domingo Docampo Amoedo
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Antón Fernández Álvarez
D. Manuel Fernández Areal
D^a Paula M^a Fernández Carpintero
D. Manuel Fernández Cruz
D^a M^a Dolores Fernández Ferro
D^a Esperanza Fernández Gómez
D. Manuel J. Fernández Iglesias

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día catorce de xaneiro de dous mil, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 14 de xaneiro de 2000**, ás horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar o seguinte punto da Orde do día:

Debate e aprobación, se procede, do proxecto de orzamento do ano 2000.

A sesión tivo que celebrarse no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Traducción debido á avería dos sistemas de calefacción da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

Antes do inicio da sesión, a Mesa sortea a letra para os turnos de intervencións e sae a E.

En primeiro lugar intervén o Rector que presenta o orzamento do ano 2000, dando lectura ó texto que se presenta como anexo I.

A continuación toman a palabra varios membros do Claustro:

D^a Generosa Fernández Manín
D. Celso Fernández Silva
D^a. M^a Begoña Fernández Silvano
D. Ramón Angel Fernández Sobrino
D. José Antonio Fraiz Brea
D^a Ana Gago Martínez
D. Pedro Pablo Gallego Veigas
D. Juan Francisco Gálvez Gálvez
D^a Secundina García Conde
D. Antón García Fernández
D. Guillermo García Lomba
D. José Manuel García Vázquez
D. Carlos Garrido Suárez
D^a Ana M^a Garriga Domínguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Eduardo Godoy Malvar
D. J. Santiago Gómez Fraiz
D^a Alma M^a Gómez Rodríguez
D. José Luis González Cespón
D. Pablo González Martínez
D^a Laura González Novoa
D. Manuel Gutierrez Nieto
D. Alfonso Lago Ferreiro
D. José Luis Legido Soto
D. Xoán Leiceaga Baltar
D. Martín Llamas Nistal
D. Alfonso L. López Otero
D. Luis López Pérez
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Federico Mallo Ferrer
D^a M^a. Belén Martín Lucas
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón
D^a Patricia Silvia Mascuñán Tolón
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Gonzalo Méndez Martínez
D. Pedro Merino Gómez
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Santiago Murillo Zapatero
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Miguel Ángel Nombela Castaño
D. Luis Ortiz Torres
D. Xosé Luis Outes Ruso
D^a M^a. Consuelo Pazo Martínez
D. José Peleteiro Salgado
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Javier Pérez Guerra
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D^a M^a. Flor Pérez Paz
D. José Pose Blanco
D. Albino Prada Blanco

O Sr. Fernández Cruz valora positivamente a presentación dun presuposto por programas. No referente ás normas de execución, pregunta se queda clara a dualidade Directores de Centro e Administradores de Centro.

O profesor Gallego Veigas defende a emenda nº 3 PCUVI (anexo II) na que se pide que se incremente a partida de fondos bibliográficos.

O profesor Legido Soto é consciente do traballo que supón a elaboración do orzamento. Destaca dous problemas graves: a redución da cantidade total e o incremento do capítulo I. Pide que se busque a máxima financiación de entidades externas e que se expoña diante da Xunta a necesidade dun aumento dos recursos para que a Universidade poda cumprir os seus fins. Preocúpalle, en particular, a redución das partidas de Departamentos, Biblioteca e Laboratorios e non está de acordo coa non incorporación automática dos remanentes dos Departamentos.

A profesora López Vidal, no referente ós Directores de Centros de Gasto, di que non está claro o reparto de competencias entre os Directores de Centro e os Administradores de Centro e cre que vai haber conflito.

O profesor Mallo Ferrer di que o aumento do capítulo I é excesivo. Propón (anexo III) que se reduza a partida 625 en 450 millóns que irían a incrementar as partidas 641.1 (en 150 millóns), a 628.2 (en 150 millóns) e a 626 (en 150 millóns).

D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Manuel Angel Rey Fraile
D. Filemón Rivas Conde
Dª Mª Dolores Rivero Fernández
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal
D. Gustavo Rodríguez Fuentes
Dª Margarita Rodríguez Holguín
D. Luis Alfonso Rodríguez López
Dª Antía Rodríguez Nieves
Dª Mª del Pilar Rodríguez Seoane
D. Antonio Rotea Villanueva
D. José Ramón Rúa Rodríguez
D. José Óscar Rubiños López
D. Veljka Ruzicka Kenfel
D. Rafael Sanz Domínguez
D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro
D. Eduardo Soto García
Dª Mercedes Suárez Pazos
Dª Piedade Suárez Rosende
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
Dª Mª Concepción Tojo Suárez
Dª Dolores Troncoso Durán
D. Antonio Vaamonde Liste
D. José Angel Vázquez Barquero
D. Camilo Vázquez García
D. Fernando Antonio Vázquez Nuñez
D. José Ángel Veiro García
D. Manuel Velasco Graña
Dª Mª de las Mercedes Vila Alonso
D. Federico Vilas Martín
Dª Raquel Vizcaya López

DESCULPA A ASISTENCIA

D. Eusebio Corbacho Rosas

O Sr. Martínez Cacharrón recorda que quedaron conxelados os ingresos recibidos da Xunta de Galicia e que a Universidade de Vigo, por medio do seu Rector, mantivo unha postura digna e respectable diante das autoridades da Xunta cando foi negociado o plan de financiación. Dende o punto de vista dos estudantes, valora positivamente que a pesar do recorte presupostario, aumenten as bolsas de comedor e as de material escolar (de acordo coa emenda aprobada en Xunta de Goberno) en detrimento dos bolseiros colaboradores. Pide que exista unha cantidade destinada a axudas a discapacitados e que se inste ó Consello Social para que non desapareza a partida adicada a bolsas de estudantes.

O profesor Mazaira di que o presuposto diminúe con respecto o ano 1999 e que se volve ós niveis do ano 1998. A diminución se concentra no capítulo VI pero en porcentaxe real, este capítulo móvese en porcentaxes semellantes ó ano anterior. Resalta que se presenta un presuposto por programas e aparecen por primeira vez obxectivos claros para o Campus de Ourense.

O profesor Membiela valora positivamente o orzamento que se presenta e, en particular, os obxectivos plantexados para o Campus de Ourense.

O profesor Outes di que é moi importante a redución do orzamento (13%). Coa tendencia de aumento do capítulo I e de redución do capítulo VI, pódese hipotecar o futuro da Universidade. Sorpréndese do aumento da partida 227.06 (estudos e traballos técnicos).

Propón (anexo IV) :

a) que se reduza de 60 a 20 millóns a partida da Unidade Técnica e que se aumente en 40 millóns a cantidade destinada a Departamentos.

b) que se retire a partida de 82 millóns destinada a participación en sociedades públicas ata que se discuta no Claustro a participación da Universidade de Vigo en Cidade Universitaria S. A. (C.U.S.A.). Di que non hai control da Universidade nesta sociedade e que a súa actividade é opaca.

O profesor Pérez Donsión defende a emenda nº2 (incrementar en 100 millóns os fondos destinados ó equipamento docente de laboratorios) e a nº6 (sobre a consideración dos Administradores de Centro como Directores de Centros de gasto) da PCUVI (anexo II).

O profesor Pose di que non había necesidade de ter un presuposto prorrogado. Opina que con estas normas os órganos de goberno perden o control da xestión do orzamento por delegar funcións na Comisión Económica. Di que hai un remanente de tesourería de 1200 millóns e que habería que revisar o proceso de xestión. Por último, pregunta onde está o remanente histórico e qué órganos de goberno fixeron a asignación.

O profesor Reigosa preferiría que o claustro se centrara nos ingresos máis que nos gastos. Propón que o remanente de crédito correspondente ós Departamentos se incorpore automaticamente ó ano seguinte e que se cambie o Centro pola titulación como referente para os conceptos 221.2, 229.03 e 625 tanto para os fixos como para os tramos.

Súmase á petición da necesidade de incrementar os recursos para a Universidade.

Considera moi positivo que se inicie a construción do edificio do Rectorado no Campus de Lagoas-Marcosende.

O profesor Rey defende as emendas 7, 8, 9 e 10 (técnicas) do documento presentado pola PCUVI.

O profesor R. Berrocal defende a emenda nº 4 da PCUVI (incremento de 90 millóns de pesetas na partida 641.01) (anexo II). Opina que con este orzamento corren malos tempos para a investigación.

O profesor Tojo Suárez califica de impresentable a documentación aportada sobre a C.U.S.A. e pide que se retire das actas do Claustro. Tamén califica de mala a xestión do Rector e na súa opinión houbo varios erros graves do Rector como a ausencia a algunhas reunións de Plan de Financiación, o voto final favorable o Plan que conxela a financiación, a aceptación da posta en marcha a coste cero de 4 novas titulacións e o fracaso na captación de recursos externos. Di que o ano 2000 vai pasar á historia como un ano negro. Por último defende a emenda nº1 da PCUVI: suprimir a partida de edificios de uso administrativo e destinala a outros apartados do capítulo VI (anexo 2).

O profesor Vázquez Barquero di que este orzamento é unha trama de enxeñería financeira e pide que conste en acta o documento que presenta como anexo V.

O profesor Alonso Bacigalupe non está de acordo coa redución da partida de

laboratorios.

A profesora Alonso Escontrela pregunta pola sede da Facultade de Ciencias da Educación no Campus de Pontevedra.

O Sr. Álvarez Moreira presenta a emenda que se adxunta como anexo 6 e expón o seguinte:

- *Si en J.G. se nos presentó un documento en el cual se incrementaba el ingreso desde la Xunta de Galicia en personal y prácticamente, se congela la partida de ingresos desde la Xunta de Galicia ¿ Qué partida de este ingreso ha disminuído ?*

- *¿ Por qué la partida 16 (Cotas, prestacións e Gastos) en el proyecto del año 1999 tenía un montante de 1.001.001.000 pts y en el documento que se presenta, en la página 11, el montante es de 969.001.000 ?*

- *¿ Por qué la partida 233.02 (Claustro, Xunta de Goberno e Comisións) se reduce cuando, según se nos informa, ahora hay más sesiones de Claustro, Xunta de Goberno y Comisiones ?*

- *¿ Por qué la partida 628 (OIM Biblioteca) y más concretamente la 628.02 (Fondos bibliográficos) se reduce en tal cantidad, cuando muchos decimos que los fondos bibliográficos son ínfimos ?*

O profesor Barreiro di que tería que haberse chegado a un consenso para ter claras as prioridades.

O profesor Buch defende a emenda presentada como anexo VII. No referente as normas de execución, non está de acordo co tratamento proposto para os remanentes dos Departamentos (di que se se elimina haberá un gasto indiscriminado ó final do exercicio). Opina que os directores dos centros de gasto deben ser só os directores de centro. Considera que non é necesario comprometer agora o gasto para o equipamento dos edificios da Facultade de Ciencias e da ampliación da Facultade de Económicas. Pregunta polas contas da C.U.S.A. e sobre a execución do orzamento di que debería saberse en novembro o grao de execución de cada partida.

O profesor Candelas defende a emenda (anexo VIII) pola que pide que se pasen 20 millóns de pesetas da 229.02 (actividades deportivas) á 492 (Bolsas intercambio).

A Sra. Corbacho Suso pregunta cal é o grao de execución no ano anterior da partida adicada ás asociacións de estudantes.

A profesora de la Montaña propón o seguinte reparto do concepto 221.2 " subministros para docencia":

2. Subministros para docencia:

2.1.- 75% en función do número de alumnos ponderados por tramos e coeficientes de experimentalidade.

2.2.- 25% en función do número de créditos prácticos e de laboratorio, cos seguinte coeficientes de experimentalidade: 5 en Ciencias e Belas Artes, 3 en experimentais e 1 en outras.

A profesora de Miguel defende un incremento da partida de Departamentos en detrimento da 226, 229.01, 640, 860 e 482.16. Non está de acordo coa non disposición automática dos remanentes de Departamentos.

O profesor Durany fai unha valoración global positiva deste orzamento. Resalta os seguintes aspectos:

- o incremento de 1000 millóns do capítulo I permitirán estruturar e estabilizar a plantilla de profesorado.

- por primeira vez hai unha presentación do presuposto por programas e é necesario seguir traballando nesa dirección.

- no referente ás reducións, queda claro que en termos globais son máis que suficientes os recursos adicados a Departamentos. Non hai que esquecer, ademais, que nos anos anteriores houbo un forte incremento na partida de laboratorios de uso docente.

Anuncia o seu voto favorable.

A continuación responde o Rector ás intervencións anteriores e anuncia a súa vontade de chegar a acordos. Di que se constata unha preocupación de tódolos claustrais sobre a Universidade aínda que as solucións propostas poidan ser diferentes.

Insiste en que non hai que temer a que os administradores de centro sexan tamén considerados directores dos centros de gasto. Non comparte co profesor R. Berrocal a idea de que estes son tempos malos para a investigación. Opina que foi un acerto dar o voto favorable ás discusións sobre o Plan de Financiamento e sorpréndese da afirmación do profesor Tojo sobre o fracaso na captación de recursos externos dando detalle dos novos recursos acadados a través da C.U.S.A, do convenio coa Consellería de Política Territorial (2000 millóns de pesetas), dos recentes convenios con entidades financeiras e das novas cátedras.

Ó profesor Vázquez Barquero acúsalle do empeño en enxudializar a vida universitaria e recórdalle os recentes autos do tribunal contencioso administrativo desestimando os correspondentes recursos.

O Vicerrector de Planificación tamén fai varias precisións ás intervencións dos claustrais.

Interrúmpese a sesión ás 15 horas e se reanuda ás 17 horas.

Nun segundo turno de intervencións toman a palabra insistindo nos argumentos xa manifestados os profesores Gallego Veigas, Legido Soto, López Vidal, Mallo Ferrer, Outes Ruso, Pérez Donsión, Pose Blanco, Rodríguez Berrocal, Tojo Suárez, Vázquez Barquero, Buch Gómez, Candelas Colodrón, de Miguel Villegas e a Sra. Corbacho Suso.

Antes de proceder á votación das emendas presentadas anunciase que o equipo rectoral acepta a emenda presentada pola profesora de la Montaña que se incorpora ó texto.

Sométense a votación as diferentes emendas na seguinte orde:

- Emenda nº 3 da PCUVI:

a favor do texto	54 votos
a favor do texto	41 votos
abstencións	3
nulos	1 voto

Mantense o texto.

- Emenda nº 6 da PCUVI:

a favor do texto	60 votos
emenda	38 votos
abstencións	2

Mantense o texto.

- Emenda do profesor Mallo Ferrer:

a favor do texto	62 votos
emenda	39 votos
abstencións	1

Mantense o texto.

- Emenda do profesor Outes Ruso (I):

a favor do texto	57 votos
emenda	35 votos
abstencións	11

Mantense o texto.

- Emenda nº 2 da PCUVI:

a favor do texto	58 votos
emenda	42 votos
abstencións	2

Mantense o texto.

- Emenda do profesor Reigosa (1) :

a favor do texto	30 votos
------------------	----------

emenda	41 votos
abstencións	13

Incorpórase a emenda.

- Emenda do profesor Reigosa (2) :

retírase.

- Emenda nº 4 da PCUVI:

a favor do texto	61 votos
emenda	38 votos
branco	4

Mantense o texto.

- Emenda nº 1 da PCUVI:

a favor do texto	60 votos
emenda	33 votos
branco	3 votos
nulo	1

Mantense o texto.

- Emenda do profesor V. Barquero:

a favor do texto	63 votos
emenda	34
branco	0

Mantense o texto.

- Emenda do Sr. A. Moreira:

a favor do texto	60 votos
emenda	31 votos
branco	2

Mantense o texto.

- Emenda do profesor Sr.Buch:

a favor do texto	59 votos
emenda	42 votos

branco 0

Mantense o texto.

- Emenda do profesor Candelas:

a favor do texto	57 votos
emenda	39 votos
branco	3 votos

Mantense o texto.

As emendas 7, 8, 9 e 10 da PCUVI considéranse técnicas e por tanto, non votables.

Por último vótase o conxunto do orzamento coas emendas aprobadas dos profesores Reigosa e de la Montaña.

A favor	65 votos
En contra	41 votos
Absstención	1
Nulos	1 voto

Apróbase o proxecto de orzamento do ano 2000 para a súa remisión ó Consello Social.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19:30 horas do día 14 de xaneiro de 2000 do que como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Sr. Rector.